

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMS	Imaxe e son	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1303	Animación visual en vivo	2023/2024	12	210	252

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	GONZALO IVÁN VÁZQUEZ MEIJOME, AITANA VIDAL PRIETO (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Na elaboración deste documento atenderanse as directrices establecidas nas diferentes normas legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo esta administración da competencia plena no regulamento e a administración do ensino no territorio, de acordo co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

- A Lei orgánica 3/2022 de Ordenación e integración da FP
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, que introducen modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e que determina nos seus capítulos III e IV, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos dos ciclos formativos.
- O Real Decreto 1147/2011 do 29 de xullo, que no seu artigo 8 establece a competencia das administracións educativas de cada Comunidade Autónoma na adaptación dos contidos dos títulos conforme á realidade socioeconómica da súa rexión.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Real Decreto 556/2012, do 23 de marzo, polo que se establece o título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- O Decreto 200/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son, ao que se remite este documento.
- A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

O perfil profesional do título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son, dentro do sector terciario, amosa profesionais polivalentes con capacitación para exercer a súa actividade profesional nos sectores do son, o audiovisual e o espectáculo, con especial incidencia nas actividades de lecer propias de discotecas, salas de festas, bares musicais e actuacións musicais e visuais en recintos acoutados. O seu labor consiste en efectuar as operacións de captación, mestura directa, edición e gravación do son, tanto para audiovisuais como para espectáculos. No relativo á animación musical e visual, desenvolve as actividades propias de preparación e realización de sesións e actuacións, unindo as responsabilidades do disc-jockey, o vídeojockey e o light-jockey. Este perfil profesional debe conseguir a resolución técnica dos procesos de son en que colabora frecuentemente baixo ordes de persoal superior, e os mellores resultados nas actividades de animación musical e visual onde teña a responsabilidade exclusiva.

Concretamente e de acordo co currículo, este módulo dá resposta a unha serie de funcións que conforman o perfil profesional do título e desenvolve as funcións relacionadas coa preparación e a integración de materiais visuais, coa proxección destes e coa operación da luminotecnia nos ensaios e na sesión de animación musical e visual en vivo. En concreto, prepara ao alumnado para poder desempeñar, unha vez remate o ciclo, entre outros, postos de traballo tales como o de ¿Light Jockey¿ e ¿Video Jockey¿. Polo tanto, a adquisición das competencias tratadas nel son certamente fundamentais. Así mesmo, para o seu mellor desenvolvemento considérase conveniente que o alumnado xa teña adquiridas as competencias traballadas nos módulos de primeiro "MP1301. Preparación de sesións de vídeo disc-jockey" e "MP1304. Toma e edición dixital de imaxe".



Este módulo é impartido ao alumnado de segundo curso do ciclo de Vídeo Disc-jockey e Son dentro do réxime xeral-ordinario no centro educativo Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela sito no propio centro da cidade, dispoñendo no mesmo do material preciso para levar a cabo as prácticas e as actividades propias do módulo.

Neste mesmo centro existe tamén unha oferta modular deste módulo, en concreto cada dous anos, en réxime de persoas adultas na modalidade presencial. Asemade compártense instalacións coas ensinanzas de ESO, BAC, EBI, ESA así como cun ciclo de FP Básica de Informática de Oficina o que favorece a realización de determinadas actividades relacionadas co módulo como por exemplo actuacións luminotécnicas e de mestura visual en vivo con motivo das festas de Nadal, festas de entroido, galas de graduación do alumnado,... coa implicación do profesorado en ditos proxectos para asegurar a correcta realización dos mesmos e que serán incluídas nesta programación.

Segundo o Decreto 200/2013 ¿O perfil profesional do título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son, dentro do sector terciario, amosa profesionais polivalentes con capacitación para exercer a súa actividade profesional nos sectores do son, o audiovisual e o espectáculo, con especial incidencia nas actividades de lecer propias de discotecas, salas de festas, bares musicais e actuacións musicais e visuais en recintos acoutados¿.

Así, sendo Santiago de Compostela unha cidade que se caracteriza por acoller a unha grande cantidade de estudantes e turistas e tendo unha importantísima oferta cultural e de eventos de animación con numerosas e variadas actividades de tempo de ocio, fai que sexan moitas as empresas da cidade dedicadas ao sector audiovisual e dos espectáculos o que favorece a necesidade destes profesionais no entorno e o que seguro redunda nun maior entendemento dos obxectivos finais do módulo.

O tecido empresarial deste sector na contorna, caracterízase por contar con moitas empresas cun reducido número de empregados o que provoca que exista un alto nivel de contratación temporal e unha elevada porcentaxe de traballadores e traballadoras autónomos. Con todo, Galicia é, por tradición, un lugar de festas e romarías, o que, unido ao seu gran número de núcleos de poboación, parece propiciar unha perspectiva laboral estable e cunha demanda crecente de profesionais que se dedican a este sector.

Ademais, os eventos convertéronse nun dos subsectores con maior proxección, como proba a grande proliferación de concertos e festivais onde, en Santiago, destaca nestes anos, ¿O son do camiño¿. Requírese así da formación de profesionais que exerzan as súas funcións no sector do lecer, realizando entre outras, as operacións de VJ e LJ que, como xa se indicou, adquirirán neste módulo, o que seguro redunda nun maior entendemento da importancia deste módulo por parte do alumnado.

O traballo neste sector adopta novas tecnolóxicas de forma continuada, cunhas necesidades multidisciplinares cada vez maiores, o que invita a formar profesionais polivalentes capaces de adaptarse a estas constantes novidades. Así, as persoas que obteñan o título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son poderán tamén exercer a súa actividade: no ámbito do son para producións de cine, vídeo, TV, multimedia, radio, industria discográfica, empresas dedicadas ao tratamento dixital de imaxes, espectáculos e instalacións fixas de sonorización, en televisións, produtoras audiovisuais, emisoras de radio, produtoras discográficas, produtoras de espectáculos, empresas de dobraxe e sonorización, e empresas dedicadas á produción de eventos musicais e eventos non estritamente musicais, tales como desfiles de moda, presentacións publicitarias ou feiras de mostras; habendo moitas empresas da cidade dedicadas a ditas actividades.

Existe oferta pública deste mesmo ciclo no IES Virxe do Mar de Noia. O resto da oferta deste ciclo, tanto pública coma privada, queda xa a relativa distancia o que fai que a procedencia do alumnado sexa moi variada, incluso con alumnado doutras comunidades autónomas. Ao mesmo tempo, o perfil do alumnado é moi heteroxéneo, convivindo habitualmente estudantes con moi diversas capacidades e motivacións, diferentes necesidades educativas e diferentes idades. Nun sector, no que o traballo en equipo é fundamental, resulta difícil comezar a traballar en conxunto cando os individuos non se escolleron entre eles, se non que a conformación do grupo da clase e produto do azar.

Dito isto, o docente terá en conta todos estes e outros aspectos á hora de impartir a materia e de deseñar as diferentes actividades. Por exemplo, postulando actividades con diferentes niveis de complexidade en función do nivel inicial individual e sendo coherente e flexible á hora de formar os grupos de traballo, partindo sempre do respecto ao outro e á xeración de sinerxias de confianza entre eles. Isto, neste módulo, é básico xa que o alumnado terá que implementar no seu ámbito de actuación destrezas similares se quere respectar o que os seus clientes/audiencia demandan como consumidores de eventos ou espectáculos de música e son. Recoñecer ao outro como un individuo igual a nós pero diferente será unha idea clave para debullar os contidos deste módulo. A nosa labor educativa tratará de atender polo tanto en todo momento ás diversas individualidades da aula.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os formatos de son e vídeo	Analizaranse as características dos diferentes formatos de vídeo e son, tipos de soportes, contedores, códecs e ficheiros dixitais de distribución aprendendo así mesmo a realizar o correcto proceso de exportación das pezas de vídeo para a súa posterior difusión.	12	4
2	As pezas de animación visual	Realizaranse composicións de pezas de animación visual mediante o uso de diferentes capas de vídeo ás cales se lles aplicarán axustes de cor, filtros, máscaras, movementos, opacidades e demais recursos controlando os seus correspondentes parámetros técnicos.	24	9
3	Composicións de vídeo avanzadas	Realizaranse composicións de pezas de animación visual mediante o uso de diferentes capas de vídeo aplicando diferentes técnicas de animación en 2D e 3D e faranse incrustacións visuais empregando fondos de chromakey	24	11
4	O equipamento de vídeo	Analizaranse os tipos e características técnicas dos diferentes equipos de vídeo: mesturadores, proxectores de vídeo, pantallas LED,... Así como a planificar, instalar, configurar e direccionar a cadea de equipamento de imaxe en función do evento e do espazo no que terá lugar aplicando diferentes diagramas de conexiónado e asegurando o seu correcto funcionamento.	36	12
5	A manipulación de materiais visuais en directo.	Configuración e funcionamento das aplicacións de VJ. Realización de mesturas visuais en vivo aplicando transicións e efectos á hora de proxectar diferentes materiais visuais como rótulos animados, vídeos, gráficos,... en relación coa mestura musical e visual.	39	14
6	O equipamento de iluminación para espectáculos	Descríbiranse os tipos e características dos equipos de iluminación espectacular e os seus principais accesorios, e afondarase na colorimetría e características da luz.	12	6
7	Instalación axuste e control dos equipos de iluminación fixa para espectáculos	Instalaranse diferentes equipamentos de iluminación mediante o uso dos pertinentes elementos de suxeición, seguindo esquemas de conexiónado prefixados e aplicando as medidas de seguridade segundo normativa. Realizarase o axuste e control do equipamento de iluminación fixa mediante a mesa de luces.	24	10
8	Programación e execución luminotécnica en directo	Aprenderase a programar movementos, cambios de cores, intensidades e demais efectos dos equipamentos de iluminación, elaborando memorias e diferentes listaxes xunto coa súa posterior execución en vivo de forma coordinada coa mestura musical.	39	20
9	Video mapping.	Realizar mapeados das zonas de proxección mediante aplicacións informáticas. Axustar áreas de proxección. Mapear superficies planas e superficies 3D. Tipos de mapping.	30	10
10	Autoría dixital	Crearase un BluRay e un ficheiro dixital importando para iso as pezas de vídeo ao programa de autoría e creando os diferentes menús e submenús con fondos fixos e animados e cos botóns interactivos precisos.	12	4

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Os formatos de son e vídeo	12

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a integración de pezas de animación visual para a sesión músico-visual en programas de composición de vídeo, incorporando diversos elementos, determinando animacións 2D e 3D, aplicando filtros, efectos e plugins, e exportando a peza nos seus soportes de difusión.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Exportouse a composición posproducida ao formato e ao soporte de saída, determinando a necesidade de canle alfa e tendo en conta o seu destino posterior.
CA1.5.1 Exportouse a composición posproducida ao formato e ao soporte de saída tendo en conta o seu destino posterior
CA1.7 Analizáronse as características dos diferentes formatos de vídeo e son, dos tipos de soportes, contedores, códecs e ficheiros dixitais de distribución

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Exportación de pezas de vídeo desde aplicacións de composición de vídeo en capas. Exportación de pezas de vídeo desde aplicacións de codificación de vídeo.
Formatos de saída de vídeo e audio para difusión ou envío a aplicacións de edición.
Tipoloxía de soportes de difusión e ficheiros dixitais de distribución.
Arquitecturas e codecs de distribución.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	As pezas de animación visual	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a integración de pezas de animación visual para a sesión músico-visual en programas de composición de vídeo, incorporando diversos elementos, determinando animacións 2D e 3D, aplicando filtros, efectos e plugins, e exportando a peza nos seus soportes de difusión.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Incorporáronse ao proxecto de composición de vídeo en capas clips de vídeo, planos captados con chromakey, fotografías, grafismos e animacións 2D e 3D, analizando as súas posibilidades de composición e as súas circunstancias canto a transparencias, máscar
CA1.1.1 Incorporáronse ao proxecto de composición de vídeo en capas, clips de vídeo, fotografías e grafismos, analizando as súas posibilidades de composición e as súas circunstancias canto a transparencias, máscaras e canles alfa
CA1.2 Aplicáronse a clips de vídeo, fotografías, grafismos e animacións os efectos de axuste de cor, filtros artísticos, opacidade, texturas e deformacións que potencian a expresividade da peza de animación visual, controlando parámetros técnicos e determinando
CA1.3 Dotáronse de movemento os clips de vídeo, as fotografías e os grafismos, aplicando técnicas de animación tales como keyframes, tracking e interpolación.
CA1.3.1 Dotáronse de movemento os clips de vídeo, as fotografías e os grafismos, aplicando técnicas de animación mediante keyframes
CA1.5 Exportouse a composición posproducida ao formato e ao soporte de saída, determinando a necesidade de canle alfa e tendo en conta o seu destino posterior.
CA1.5.2 Exportouse a composición posproducida ao formato e ao soporte de saída determinando a necesidade de canle alfa

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Control dos parámetros de importación á aplicación de composición en capas de clips de vídeo, fotografías, grafismos e animacións 2D e 3D.
Control dos parámetros de importación á aplicación de composición en capas de clips de vídeo, fotografías e grafismos.
Aplicación de axustes de luz e cor, filtros artísticos, axustes de opacidade e deformacións. Parámetros técnicos dos efectos.

Contidos
Técnicas de animación e movemento mediante fotogramas clave e interpolacións. Exportación de pezas de vídeo desde aplicacións de composición de vídeo en capas. Exportación de pezas de vídeo desde aplicacións de composición dixitais de vídeo.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Composicións de vídeo avanzadas	24

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a integración de pezas de animación visual para a sesión músico-visual en programas de composición de vídeo, incorporando diversos elementos, determinando animacións 2D e 3D, aplicando filtros, efectos e plugins, e exportando a peza nos seus soportes de difusión.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Incorporáronse ao proxecto de composición de vídeo en capas clips de vídeo, planos captados con chromakey, fotografías, grafismos e animacións 2D e 3D, analizando as súas posibilidades de composición e as súas circunstancias canto a transparencias, máscar
CA1.1.2 Incorporáronse ao proxecto de composición de vídeo en capas, planos captados con chromakey, fotografías e grafismo.
CA1.1.3 Incorporáronse ao proxecto de composición de vídeo en capas, clips de vídeo, fotografías, grafismos e animacións 2D e 3D, analizando as súas posibilidades de composición e as súas circunstancias canto a transparencias, máscaras e canles alfa.
CA1.3 Dotáronse de movemento os clips de vídeo, as fotografías e os grafismos, aplicando técnicas de animación tales como keyframes, tracking e interpolación.
CA1.3.2 Dotáronse de movemento os clips de vídeo, as fotografías e os grafismos, aplicando técnicas de animación de tracking e interpolación
CA1.4 Incrustáronse elementos visuais en escenas que inclúen fondo de chromakey, axustando o recorte e os niveis de luz, cor e definición, e obtendo a calidade técnica necesaria para a peza de animación visual.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Control dos parámetros de importación á aplicación de composición en capas de clips de vídeo, fotografías, grafismos e animacións 2D e 3D.
<b>Control dos parámetros de importación á aplicación de composición en capas de animacións 2D e 3D</b>
Aplicación de movementos a elementos visuais en aplicacións de composición de vídeo en capas.
Incrustación de elementos visuais mediante eliminación de áreas: key de luminancia, crominancia, forma, etc.; axustes de cor e niveis de recorte e definición.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O equipamento de vídeo	36

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala e configura o equipamento de imaxe en salas e eventos de animación músico-visual, conectando equipamentos de reprodución, mestura e exhibición, e asegurando o seu correcto funcionamento para sesións en vivo.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizouse o espazo en que transcorrerá a sesión e as características do evento, e axustáronse os recursos técnicos e humanos ao tempo dispoñible e ao orzamento.
CA2.2 Definíronse a situación, o tamaño e o número de pantallas e superficies de proxección de vídeo en salas de animación músico-visual de diversas características, determinando o tipo de exhibición e a súa conxugación cos efectos de luminotecnia.
CA2.3 Planificouse a instalación do equipamento de imaxe, analizando as características técnicas da sala e aplicando diagramas de conexión entre equipamentos.
<b>CA2.3.1 Planificouse a instalación do equipamento de imaxe, analizando as características técnicas da sala e aplicando diagramas de conexión entre equipamentos.</b>
<b>CA2.3.2 Planificouse a instalación do equipamento de imaxe, analizando as características técnicas da sala e aplicando diagramas de conexión entre equipamentos.</b>
CA2.4 Instalouse o equipamento de imaxe, conectando equipamentos de reprodución, computadores, matrices, enrutadores, mesturadores, proxectores e monitores, seguindo o rider técnico e os esquemas de conexións de manuais técnicos.



Criterios de avaliación
CA2.5 Direcciónanse os sinais de vídeo e datos entre as áreas de reprodución, mestura, monitorización e exhibición, prevendo alternativas segundo a dinámica da sesión.
CA2.6 Configúranse e axústanse o equipamento de imaxe, asegurando a calidade de visión óptima en relación coas condicións de salas e os espazos de animación músico-visual.
CA2.8 Planifícanse e executáronse tarefas de mantemento para todos os equipamentos de imaxe, aplicando os protocolos especificados nos seus manuais técnicos.
CA2.9 Analízanse os tipos e as características técnicas dos proxectores de vídeo, pantallas de televisión e pantallas LED.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Análise do evento desde as perspectivas comunicativa, artística, técnico-tecnolóxica e económica.
Tipoloxía e características técnicas de proxectores de vídeo, pantallas de televisión e pantallas LED.
<i>Tipoloxía e características técnicas dos proxectores de vídeo.</i>
<i>Tipoloxía e características técnicas das pantallas de televisión e pantallas LED</i>
Montaxe de instalacións de imaxe para sesións de animación musical e visual, a partir da consulta de diagramas de bloques e manuais técnicos.
Configuración e enrutamento da cadea de equipamentos de imaxe.
<i>Enrutamento da cadea de equipamentos de imaxe</i>
<i>Configuración da cadea de equipamentos de imaxe</i>
Técnicas de axuste e tratamento de sinais na reprodución, mestura, proxección e visualización.
Mantemento preventivo de equipamentos de imaxe e protocolos de detección de avarías.
<i>Planificación espacial e funcional de pantallas e superficies de proxección en salas de animación músico-visual</i>

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A manipulación de materiais visuais en directo.	39

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala e configura o equipamento de imaxe en salas e eventos de animación músico-visual, conectando equipamentos de reprodución, mestura e exhibición, e asegurando o seu correcto funcionamento para sesións en vivo.	NO
RA3 - Realiza a mestura visual en vivo en sesións de animación músico-visual, tendo en conta a coordinación das imaxes e os vídeos exhibidos coa dinámica musical e cos efectos luminotécnicos.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.7 Configúranse as aplicacións de vídeo-jockey no equipamento informático que xestiona a mestura visual en vivo, e comprobose a correcta reprodución dos medios e as súas capacidades de conxunción coa música e a luminotecnia.
CA3.1 Analízase o evento e estrutúrase nunha escaleta o desenvolvemento da sesión.
CA3.3 Lanzáronse vídeos, gráficos e fotografías con reprodutores de vídeo dixital e aplicacións informáticas de reprodución e secuencia de medios visuais, potenciando a expresividade da imaxe e a montaxe en vivo.
CA3.4 Complementouse e sincronizouse a mestura visual coa mestura musical, analizando os referentes simbólicos, as estruturas rítmicas, as transicións musicais e o impacto emocional.
<b>CA3.4.1 Complementouse a mestura visual coa mestura musical, analizando os referentes simbólicos, as estruturas rítmicas, as transicións musicais e o impacto emocional</b>
CA3.5 Aplicáronse transicións en vivo entre as fontes de reprodución (fundidos, cortinas, incrustacións, insercións, etc.), potenciando a expresividade e a narrativa das imaxes proxectadas.
CA3.6 Mesturáronse, en relación coa música, dúas pezas audiovisuais en reprodución simultánea mediante un equipamento controlador de fontes e un mesturador de vídeo, determinando a alternancia das fontes, os puntos de cambio e as transicións entre elas.
<b>CA3.6.1 Mesturáronse, en relación coa música, dúas pezas audiovisuais en reprodución simultánea mediante un equipamento controlador de fontes e un mesturador de vídeo, determinando a alternancia das fontes mediante transicións entre elas</b>
CA3.7 Realízase a presentación de artistas ou intervinientes participantes na sesión de animación músico-visual, proxectando rótulos, gráficos, fotografías e imaxes en movemento, e relacionándoos coa programación de sala.
CA3.8 Coordinouse a proxección de medios visuais con coreografías e actuacións en vivo, exhibindo imaxes acordes coas intencións do espectáculo.
<b>CA3.9 Aplicáronse efectos (filtros, axustes de cor, deformacións,...) modificando os seus diferentes parámetros de configuración</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
<p>Configuración de aplicacións de vídeo-jockey no equipamento informático que xestiona a mestura visual en vivo</p> <p>Técnicas de elaboración de escaletas.</p> <p>0Coordinacións en vivo entre as proxeccións de medios visuais e as coreografías e actuacións en vivo potenciando o seu mutuo reforzo</p> <p>Operación de reprodutores de fontes de vídeo e aplicacións informáticas de difusión de imaxes e medios visuais. Listas de reprodución.</p> <p>Valores expresivos e simbólicos dos elementos visuais en relación coas tendencias musicais: afinidade, contraste, disonancia e contrapunto.</p> <p>Axustes e sincronización de tempo da peza visual en relación coa estrutura rítmica musical en beats por minuto.</p> <p>Operación de reprodutores especializados de soportes dixitais. Definición de puntos cue para a mestura de pezas audiovisuais.</p> <p>Operación de reprodutores especializados de soportes dixitais</p> <p>Tipos de transicións en vivo entre elementos visuais por corte, cortinas, fundidos, keys de luminancia e crominancia, e traslacións.</p> <p>Tipos de efectos en vivo e parámetros de manipulación de keys de luminancia e crominancia, axustes de cor, filtros artísticos, marcos e deformacións.</p> <p>Animación de títulos para presentación de artistas e momentos especiais mediante programas tituladores en 2D e 3D.</p>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O equipamento de iluminación para espectáculos	12

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala o equipamento de luminotecnia, tendo en conta a adaptación aos condicionantes de salas e espazos ocasionais de animación músico-visual e a aplicación de medidas de seguridade.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Determinouse o equipamento de luminotecnia específico preciso en salas de animación ou espazos de eventos, en relación co contido da sesión programada.
CA4.2 Elaborouse a planta de iluminación dos recursos técnicos implicados
CA4.4 Conectáronse proxectores e aparellos robotizados aos dimmer, distribuindo liñas eléctricas e cables de sinal DMX.
CA4.4.1 Conectáronse proxectores e aparellos robotizados aos dimmer, distribuindo liñas eléctricas e cables de sinal DMX.
CA4.8 Realizouse o mantemento preventivo de equipamentos, cableamento, conectadores e cadros de iluminación, aplicando os protocolos referidos en manuais técnicos.
CA4.8.1 Realizouse o mantemento preventivo de equipamentos, cableamento, conectadores e cadros de iluminación, aplicando os protocolos referidos en manuais técnicos.
CA4.9 Analizáronse as características da luz así como as súas magnitudes físicas, unidades e propiedades colorimétricas

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Características da luz: cantidade, calidade, cor e dirección.
Mantemento preventivo de equipamentos de luminotecnia e protocolos de detección de avarías
Magnitudes físicas de luz incidente e luz reflectida. Unidades de medida: candela, lux e lumen.
Colorimetría da luz: espectros cromáticos, temperatura de cor e kelvins.
Tipoloxía de aparellos de iluminación espectacular: proxectores fresnel, PAR, recortes, robotizados de espello móbil, robotizados de 360º e barras de LED.
Aparellos especiais: estroboscópicos, láser e máquinas de fume.
Esquemas de instalacións de iluminación espectacular. Diagrama de bloques.
Tipos de dimmer, especificacións técnicas, configuración e operación.
Tipos de dimmer, e especificacións técnicas

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Instalación axuste e control dos equipos de iluminación fixa para espectáculos	24

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala o equipamento de luminotecnia, tendo en conta a adaptación aos condicionantes de salas e espazos ocasionais de animación músico-visual e a aplicación de medidas de seguridade.	NO
RA5 - Realiza a actuación luminotécnica en vivo, tendo en conta a consecución da atmosfera pretendida en relación coa mestura musical e visual realizada simultaneamente na sala.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.3 Instalouse o equipamento de luminotecnia en salas e espazos de animación, aplicando o esquema de conexións prefixado e seguindo a normativa de seguridade en instalacións eléctricas.
CA4.5 Dirixíronse os aparellos de iluminación fixos ás áreas do local pretendidas, prevendo zonas para disc-jockeys, actuacións, público, etc.
CA4.7 Axustouse a cor dos aparellos de iluminación fixos, conseguindo gamas de cor polivalentes e estéticas en función do evento.
CA4.8 Realizouse o mantemento preventivo de equipamentos, cableamento, conectadores e cadros de iluminación, aplicando os protocolos referidos en manuais técnicos.
CA4.8.2 Realizouse o mantemento preventivo de equipamentos, cableamento, conectadores e cadros de iluminación, aplicando os protocolos referidos en manuais técnicos
CA5.1 Enrutáronse as canles de dimmer en relación coas canles de mesa de luces, prevendo a funcionalidade da operación en vivo.
CA5.3 Elaboráronse memorias por zonas, escenas ou cues, definindo grupos de canles, intensidades e posicións de aparellos de iluminación fixos e robotizados.
CA5.3.1 Elaboráronse memorias por zonas ou escenas, definindo intensidades de aparellos de iluminación fixos

**4.7.e) Contidos**

Contidos
0 Situación, dirección e axuste de aparellos de iluminación fixos. <b>Mantenemento preventivo de cables conectores e cadros de iluminación</b> Accesorios de iluminación espectacular: cambios de cor, cambios de gobo, filtros e bolas de espello. Elementos de suxeición: trusses, patas, barras, ganchos, garras e cables de seguridade. Conexións e configuración inicial da mesa de luces e do programa informático de control de iluminación. <b>Conexións e configuración inicial da mesa de luces</b> Distribución de canles de mesa en relación con canles de dimmer. Asignación de liñas e aparellos de iluminación a canles de mesa. Agrupación de aparellos por zonas, funcionalidades ou fases da escaleta mediante memorias. Asignación de submásters. Listaxes en cues. <b>Agrupación de aparellos por zonas ou funcionalidades mediante memorias</b>

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Programación e execución luminotécnica en directo	39

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala o equipamento de luminotecnia, tendo en conta a adaptación aos condicionantes de salas e espazos ocasionais de animación músico-visual e a aplicación de medidas de seguridade.	NO
RA5 - Realiza a actuación luminotécnica en vivo, tendo en conta a consecución da atmosfera pretendida en relación coa mestura musical e visual realizada simultaneamente na sala.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.4 Conectáronse proxectores e aparellos robotizados aos dimmer, distribuindo liñas eléctricas e cables de sinal DMX.
CA4.4.2 Conectáronse proxectores e aparellos robotizados aos dimmer, distribuindo liñas eléctricas e cables de sinal DMX
CA4.6 Dirixíronse e axustáronse as posicións de aparellos de iluminación robotizados, coordinando as súas posicións iniciais e a evolución sincronizada ou libre dos seus movementos, cambios de cor e gobos, e aplicando criterios estéticos ás traxectorias combina
CA5.2 Elaborouse a escaleta de escenas que se vaian secuenciar na mesa de luminotecnia, seguindo a escaleta da sesión e respectando a coordinación coa animación musical e visual.
CA5.3 Elaboráronse memorias por zonas, escenas ou cues, definindo grupos de canles, intensidades e posicións de aparellos de iluminación fixos e robotizados.
CA5.3.2 Elaboráronse memorias por zonas, escenas ou cues, definindo grupos de canles, intensidades e posicións de aparellos de iluminación robotizados
CA5.4 Memorizáronse na mesa de luminotecnia e en controis accesorios as intervencións de equipamentos especiais, como proxectores láser, flashes estroboscópicos e máquinas de fume, seguindo indicacións da escaleta da sesión músico-visual.
CA5.5 Executáronse en vivo as evolucións de iluminación acordes coa escaleta da sesión de animación músico-visual, sincronizando a entrada de efectos coa música, as actuacións e a proxección de medios visuais, e realizando improvisacións para potenciar o ambient

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Situación, axuste, enfoque, configuración e sincronización de aparellos robotizados.
Tipos de dimmer, especificacións técnicas, configuración e operación.
Configuración e operación dos dimmer
Conexións e configuración inicial da mesa de luces e do programa informático de control de iluminación.
0Execución en vivo da programación luminotécnica en función da escaleta e as opcións de improvisación, en coordinación coa actuación de disc-jockey, as proxeccións de medios audiovisuais e as intervencións artísticas.
Conexións e configuración inicial do programa informático de control de iluminación
Agrupación de aparellos por zonas, funcionalidades ou fases da escaleta mediante memorias. Asignación de submásters. Listaxes en cues.
Agrupación de aparellos por fases da escaleta mediante memorias. Asignación de submásters. Listaxes en cues

Contidos
<p>Xeración de efectos de mesa e programación de cambios rítmicos.</p> <p>Programación de movementos robotizados acordes coa música e a escaleta.</p> <p><b>Programación de equipamentos especiais, como proxectores láser, flashes estroboscópicos e máquinas de fume</b></p> <p>Seguimento da escaleta en vivo. Técnicas de anticipación e previsión de incidencias.</p> <p>Técnicas de improvisación de luces en relación con música, proxeccións audiovisuais e actuacións.</p>

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Video mapping.	30

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a mestura visual en vivo en sesións de animación músico-visual, tendo en conta a coordinación das imaxes e os vídeos exhibidos coa dinámica musical e cos efectos luminotécnicos.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.2 Realízase o mapeamento das zonas de proxección mediante aplicacións informáticas, atendendo aos condicionantes espaciais das salas e os lugares de eventos.
<b>CA3.2.1 Realízase o mapeamento das zonas de proxección mediante aplicacións informáticas</b>
<b>CA3.2.2 Realízase o mapeamento das zonas de proxección mediante aplicacións informáticas, atendendo aos condicionantes espaciais das salas e os lugares de eventos</b>
CA3.4 Complementouse e sincronizouse a mestura visual coa mestura musical, analizando os referentes simbólicos, as estruturas rítmicas, as transicións musicais e o impacto emocional.
<b>CA3.4.2 Sincronizouse a mestura visual coa mestura musical, analizando os referentes simbólicos, as estruturas rítmicas, as transicións musicais e o impacto emocional</b>
CA3.6 Mesturáronse, en relación coa música, dúas pezas audiovisuais en reprodución simultánea mediante un equipamento controlador de fontes e un mesturador de vídeo, determinando a alternancia das fontes, os puntos de cambio e as transicións entre elas.



**Crterios de avaliación**

CA3.6.2 Mesturáronse, en relación coa música, dúas pezas audiovisuais en reprodución simultánea mediante un equipamento controlador de fontes e un mesturador de vídeo, determinando a alternancia das fontes co uso de puntos de cambio

**4.9.e) Contidos**
**Contidos**

Axuste de áreas de proxección mediante aplicacións de mapeamento por zonas.

Operación de reprodutores especializados de soportes dixitais. Definición de puntos cue para a mestura de pezas audiovisuais.

Definición de puntos cue para a mestura de pezas audiovisuais

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Autoría dixital	12

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a integración de pezas de animación visual para a sesión músico-visual en programas de composición de vídeo, incorporando diversos elementos, determinando animacións 2D e 3D, aplicando filtros, efectos e plugins, e exportando a peza nos seus soportes de difusión.	NO

**4.10.d) Crterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Crterios de avaliación**

CA1.6 Xerouse un DVD, BluRay, ficheiro dixital ou recurso similar, importando as pezas de vídeo ao programa de autoría, creando os menús e submenús necesarios e dispoño fondos fixos e animados, botóns interactivos e accións predefinidas, para acceder aos títulos

**4.10.e) Contidos**

Contidos
0Xeración de loop en soporte dixital DVD ou BlueRay.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**
**MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:**

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva, e que se corresponden cos CAs considerados mínimos esixibles, son os seguintes:

- Analizáronse as características da luz así como as súas magnitudes físicas, unidades e propiedades colorimétricas.
- Analizáronse os tipos e as características técnicas dos proxectores de vídeo, pantallas de televisión e pantallas LED.
- Aplicáronse a clips de vídeo, fotografías, grafismos e animacións os efectos de axuste de cor, filtros artísticos, opacidade, texturas e deformacións que potencian a expresividade da peza de animación visual, controlando parámetros técnicos e determinando.
- Aplicáronse efectos (filtros, axustes de cor, deformacións,...) modificando os seus diferentes parámetros de configuración.
- Aplicáronse transicións en vivo entre as fontes de reprodución (fundidos, cortinas, incrustacións, insercións, etc.), potenciando a expresividade e a narrativa das imaxes proxectadas.
- Axustouse a cor dos aparellos de iluminación fixos, conseguindo gamas de cor polivalentes e estéticas en función do evento.
- Conectáronse proxectores e aparellos robotizados aos dimmer, distribuindo liñas eléctricas e cables de sinal DMX.
- Configuráronse as aplicacións de vídeo-jockey no equipamento informático que xestiona a mestura visual en vivo, e comprobouse a correcta reprodución dos medios e as súas capacidades de conxunción coa música e a luminotecnia.
- Determinouse o equipamento de luminotecnia específico preciso en salas de animación ou espazos de eventos, en relación co contido da sesión programada.
- Direccionáronse os sinais de vídeo e datos entre as áreas de reprodución, mestura, monitorización e exhibición, prevendo alternativas segundo a dinámica da sesión.
- Dirixíronse e axustáronse as posicións de aparellos de iluminación robotizados, coordinando as súas posicións iniciais e a evolución sincronizada ou libre dos seus movementos, cambios de cor e gobos, e aplicando criterios estéticos ás traxectorias combina.
- Dotáronse de movemento os clips de vídeo, as fotografías e os grafismos, aplicando técnicas de animación tales como keyframes, tracking e interpolación.
- Elaboráronse memorias por zonas, escenas ou cues, definindo grupos de canles, intensidades e posicións de aparellos de iluminación robotizados.
- Enrutáronse as canles de dimmer en relación coas canles de mesa de luces, prevendo a funcionalidade da operación en vivo.
- Executáronse en vivo as evolucións de iluminación acordes coa escaleta da sesión de animación músico-visual, sincronizando a entrada de efectos coa música, as actuacións e a proxección de medios visuais, e realizando improvisacións para potenciar o ambiente da sesión.

- Exportouse a composición posproducida ao formato e ao soporte de saída tendo en conta o seu destino posterior.
- Incrustáronse elementos visuais en escenas que inclúen fondo de chromakey, axustando o recorte e os niveis de luz, cor e definición, e obtendo a calidade técnica necesaria para a peza de animación visual.
- Instalouse o equipamento de imaxe, conectando equipamentos de reprodución, computadores, matrices, enrutadores, mesturadores, proxectores e monitores, seguindo o rider técnico e os esquemas de conexións de manuais técnicos.
- Instalouse o equipamento de luminotecnia en salas e espazos de animación, aplicando o esquema de conexións prefixado e seguindo a normativa de seguridade en instalacións eléctricas.
- Lanzáronse vídeos, gráficos e fotografías con reprodutores de vídeo dixital e aplicacións informáticas de reprodución e secuencia de medios visuais, potenciando a expresividade da imaxe e a montaxe en vivo.
- Mesturáronse, en relación coa música, dúas pezas audiovisuais en reprodución simultánea mediante un equipamento controlador de fontes e un mesturador de vídeo, determinando a alternancia das fontes, os puntos de cambio e as transicións entre elas.
- Planificouse a instalación do equipamento de imaxe, analizando as características técnicas da sala e aplicando diagramas de conexión entre equipamentos.
- Realizouse o mapeamento das zonas de proxección mediante aplicacións informáticas, atendendo aos condicionantes espaciais das salas e os lugares de eventos.

De non superar os mínimos esixibles a cualificación, en ningún caso, poderá ser positiva. Así, é requisito imprescindible superar todas as probas escritas (exames teóricos e exames prácticos de carácter obrigatorio) e ter entregadas e superadas todas as actividades obrigatorias.

A proposta para avaliar rexerese polos seguintes parámetros:

#### PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Realizarase un único exame teórico-práctico.
- Realizaranse diferentes actividades e pequenos exercicios.

#### SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Realizarase un único exame teórico-práctico.
- Realizaranse diferentes actividades e pequenos exercicios.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

#### PRIMEIRA AVALIACIÓN:



· 55 % Exame teórico-práctico presencial.

· 30 % Teórico

· 25 % Práctico

· 45 % Actividades e pequenos exercicios.

· 5% Actividades e exercicios da UD1

· 8% Actividades e exercicios da UD2

· 12% Actividades e exercicios da UD3

· 8% Actividades e exercicios da UD4

· 12% Actividades e exercicios da UD5

De onde o peso global dos instrumentos de avaliación empregados será o seguinte:

· PE (30%)

· TO (20%)

· LC (50%)

SEGUNDA AVALIACIÓN:

· 55 % Exame teórico-práctico presencial.

· 25 % Teórico

· 30 % Práctico

· 45 % Actividades e pequenos exercicios.

· 3% Actividades e exercicios da UD7

· 25% Actividades e exercicios da UD8

- 14% Actividades e exercicios da UD9
- 3% Actividades e exercicios da UD10

De onde o peso global dos instrumentos de avaliación empregados será o seguinte:

- PE (25%)
- TO (42%)
- LC (33%)

NOTA FINAL:

A nota final do módulo calcularase do seguinte xeito:

NOTA FINAL = 1ª AV. (50%) + 2ª AV. (50%)

Sempre se indicará, ao principio de cada avaliación, así como en diferentes ocasións durante o desenrolo do curso, cales serán as probas escritas e actividades consideradas como obrigatorias (aquelas que involucren CAs considerados mínimos esixibles). Así mesmo, nos enunciados das diferentes probas e actividades, serán indicados os criterios de avaliación e o valor asignado a cada un.

Os exames e as actividades serán puntuados entre 0 e 10 puntos.

A cualificación do módulo será numérica, entre un 1 e un 10, sen decimais, atendendo ao criterio de que se na suma das distintas probas se obtén unha cualificación con decimais, esta aproximarase á unidade inmediatamente inferior se non alcanza o 0,50 ou a inmediatamente superior se o iguala ou supera.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se o alumno/a non acada a cualificación final positiva do módulo planifícanse unha serie de actividades de recuperación, similares ás desenvolvidas ao longo do curso, coas que poderá superar todos aqueles CAs mínimos esixibles que teña pendentes.

- Cuestionarios sobre todos aqueles CAs mínimos esixibles.

- Actividades de exportación.
- Actividades de elaboración de pezas de vídeo con efectos e movementos.
- Actividades de elaboración de pezas de vídeo con técnicas de tracking.
- Actividades de instalación de equipamentos de imaxe.
- Actividades de instalación e axuste de equipos de iluminación.
- Actividades de programación e control da luminotécnica en vivo.
- Actividades de mestura visual en vivo.
- Actividades de mapeo sobre estruturas reais.

Ou ben, entregar as actividades non superadas -ou non entregadas- e realizar diferentes probas teórico-prácticas nas que se valorará o coñecemento dos contidos abordados durante o curso.

Trátase, polo tanto dunha recuperación individualizada e só terá que realizar aquelas actividades e/ou probas teórico-prácticas correspondentes aos CAs pendentes de recuperación.

A nota final do módulo calcularase exactamente igual que no caso de aprobar o módulo en convocatoria ordinaria.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua (aqueles cuxas faltas sen xustificar superen o 10% das horas totais do módulo) poderá presentarse a unha proba extraordinaria que se celebrará no mes de xuño e que estará composta de dúas partes:

1. Unha proba escrita cunha duración máxima de unha hora, formada por preguntas curtas e/ou de tipo test de todas as UD que conforman o módulo, onde deberá demostrar o dominio dos contidos necesarios para acadar os Resultados de Aprendizaxe (RA) do módulo previstos no currículo oficial do mesmo (Decreto 200/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son).
2. Un exercicio práctico instrumental que estará composto dunha serie de prácticas ou supostos prácticos nos que demostre o dominio dos coñecementos necesarios para acadar os Resultados de Aprendizaxe (RA) do módulo previstos no citado currículo oficial. En concreto:
  - Realizar unha peza de animación visual cun programa de composición de vídeo. Pode consistir en realizar animacións 2D e/ou 3D, aplicar filtros, efectos, plugins,... e exportar a peza do xeito solicitado.
  - Instalar e configurar diferentes equipamentos de imaxe para o suposto dunha realización en directo dun espectáculo audiovisual.

- Realizar o mapeamento de diferentes zonas de proxección mediante aplicacións informáticas e lanzar diferentes vídeos en ditas zonas de proxección aplicando transicións e outros efectos nunha mestura visual en vivo.
- Instalar e configurar equipamento de luminotecnia aplicando as correspondentes medidas de seguridade.
- Realizar, coa axuda do software correspondente, unha programación concreta para o equipamento de luminotecnia subministrado, pensando nunha suposta actuación luminotécnica en vivo.

A cualificación final do módulo calcularase do seguinte xeito:

NOTA FINAL = 1ª Parte da proba (30%) + 2ª Parte da proba (70%)

En caso de non superar algunha das partes da proba, non poderá obterse en ningún caso a cualificación de aprobado ao non acadar os mínimos exixibles para a avaliación positiva.

A cualificación final do módulo será numérica, entre un 1 e un 10, sen decimais, atendendo ao criterio de que se na suma das distintas probas se obtén unha cualificación con decimais, esta aproximarase á unidade inmediatamente inferior se non alcanza o 0,50 ou a inmediatamente superior se o iguala ou supera.

Considerarase que o módulo está superado cando a cualificación final sexa igual ou superior a 5 puntos.

Dado que os exames extraordinarios de perda de avaliación son do dpto., os criterios de cualificación deben ser coherentes en todos os módulos. O dpto. decidiu establecer unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes do exame para facer media, seguindo os criterios que adopta a Consellería de Educación para as probas libres.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento para analizar o resultado da programación no proceso de ensinanza-aprendizaxe está baseado na observación directa da evolución da clase así como nos resultados dos pequenos exercicios, as actividades e os exames, que de forma periódica vanse facer ao longo do curso.

Por outra banda, a programación será impartida íntegramente. Sen embargo, e debido aos avatares da docencia diaria, o profesor controlará semanalmente o seguimento do calendario do curso e fará as adaptacións necesarias.

Asemade procederase á avaliación docente co proceso de feedback que reciba dos alumnos no trato, entendemento e procedemento axeitado nas actividades de ensino-aprendizaxe.

Ao final do curso, os alumnos cubrirán un cuestionario e farán unha pequena valoración persoal, de carácter anónimo, sobre as actividades máis representativas realizadas ao longo do curso, así como da práctica

docente. Deste xeito poderá comprobarse que actividades resultaron positivas para a súa formación e cales lles pareceron pouco produtivas así como as posibles carencias ou erros de enfoque na propia práctica docente. Cos resultados obtidos nestas sondaxes, poderán introducirse posibles variacións na programación e na práctica docente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao principio do curso académico.

Os alumnos realizarán unha proba escrita na que se recollerán datos acerca do coñecemento técnico concreto acerca da materia do módulo profesional.

Esta ferramenta servirá para modificar algunhas das unidades didácticas da programación, pero tamén, e sobre todo, para determinar a existencia de alumnado con necesidades educativas específicas, e cales son as súas necesidades en concreto.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Debido ás diferenzas de capacidades, coñecementos, intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe entre os alumnos, desenvolveranse distintas actividades que permitan atender á diversidade dos alumnos, como:

- Actividades teórico-prácticas adaptadas para acadar os niveis mínimos esixidos.
- Asesoramento sobre dúbidas.
- Asesoramento sobre bibliografía, páxinas web e diferentes tipos de materiais que lles poden axudar.
- Actividades de ampliación e investigación para alumnos con sobredotación intelectual.

Así mesmo, para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais derivadas da súa discapacidade, en función da mesma, tomaranse as medidas máis axeitadas para minimizarlo problema e conseguir o maior rendemento e integración. Para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais derivadas das súas altas capacidades intelectuais, deseñaranse actividades especialmente motivantes, relacionando conceptos, investigando feitos e creando retos que favorezan a creatividade e a progresión formativa destes alumnos e para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais derivadas da súa tardía integración no sistema educativo, deseñaranse actividades de dificultade progresiva coa finalidade de conseguir unha rápida adaptación do alumno.

Calquera medida de atención á diversidade que saia do marco das medidas ordinarias (agrupamentos, reforzo educativo, etc..) realizaráse contando co diagnóstico, asesoramento e seguimento do departamento de





orientación do centro.

Así, nos casos que se saian do marco das medidas ordinarias debido a unha discapacidade psíquica, as medidas a adoptar, consensuadas co departamento de orientación do centro serían as seguintes:

Estratexias expositivas. Á hora de explicar, o profesor terá en conta as seguintes estratexias:

- Antes de comezar, asegurase de que atende.
- Empregaranse frases curtas e claras.
- Manterase o contacto visual e permanecerase preto.
- Focalizase a atención nos conceptos máis importantes.
- Presentarase a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o profesorado para poder manter contacto visual e asegurarse de que atende.

Exames ou probas escritas teórico-prácticas:

- Os exames escritos serán curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementaranse os exames escritos e probas prácticas de forma oral, cando se observe que están incompletos.
- Alternarase a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral ou escrita).
- Pactarase a fórmula máis idónea para realizar os exames teóricos (oral ou escrita).
- Deixarase máis tempo para os exames e probas prácticas, incluso podendo dividilo en dúas sesións, e serase flexible na súa duración.
- Deixarase suficiente espazo entre as preguntas, e supervisarse a súa comprensión e execución.

Nos casos que se saian do marco das medidas ordinarias debido a unha discapacidade física as medidas a adoptar, consensuadas co departamento de orientación do centro serían as seguintes:

- Serase flexible na duración das probas teórico-prácticas e nas actividades realizadas ao longo do curso, así, deixaráselle máis tempo para realizar as actividades, os exames e as probas prácticas, incluso podendo dividilas en varias sesións.
- Adaptaranse, en caso de ser preciso, a forma de realizar as probas para que non teña dificultade algunha para poder facelas.

Para finalizar, unicamente indicar que, en todo momento atenderase, na medida do posible, calquera outra necesidade individual que requira medidas de atención á diversidade.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Toda a programación está pensada tendo como un dos seus obxectivos, a educación en valores do estudiantado.

Prevese que a educación en valores se teña en conta cada día de docencia, de modo que estes se conviryan nunha referencia clara á hora do comportamento do alumno en cada momento da súa vida académica no Centro, fóra do mesmo e tamén en cada momento da súa vida profesional unha vez que remate os seus estudos e se incorpore á mesma.

Prevese ter en conta, polo menos, os seguintes:

- Responsabilidade, sinceridade e empatía.
- Puntualidade na entrega dos traballos e tarefas encomendadas.
- A non discriminación (nin por razón de sexo, raza, relixión, discapacidade...)
- Participación e atención prestada.
- A cooperación e o correcto traballo en grupo.
- Uso dunha linguaxe non sexista.
- Compañeirismo e respecto polos compañeiros e polo profesor.
- Respecto ao traballo dos demais.
- Aproveitamento e reciclaxe, así como o aforro de recursos,
- Concienciación para un uso racional da enerxía e a reciclaxe de materiais.
- Respecto pola seguridade e saúde no traballo.
- Orde e limpeza, responsabilidade, tolerancia e respecto polo medio ambiente.
- Calidade na elaboración de documentación e no tratamento de documentación técnica.
- Calidade no manexo de instrumentación e ferramentas.
- Disponibilidade do material necesario para as clases.
- Capacidade para saber escoitar e falar correctamente.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Como complemento da formación académica e regulada contemplase a posibilidade de acudir a charlas, feiras profesionais do sector audiovisual, congresos, xornadas sectoriais e encontros con profesionais do sector.